

NORMAS DE USO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE TABLETS

Requisitos para utilizar o servizo de préstamo de tablets:

- Ser socio/a da biblioteca e maior de idade.
- Non ter préstamos sobrepasados ou sancións.
- Traer o carné da biblioteca. O carné é persoal e intransferible polo que se poderá pedir calquera documento complementario que acredite a identidade da persoa.
- Asinar a acta de entrega da tablet e entregar o carné ao persoal da biblioteca (devólvese cando se entregue a tablet)

Condições do préstamo:

- O préstamo faise no mostrador do andar baixo da biblioteca.
- Debe devolverse no mesmo mostrador 1 hora antes do peche da biblioteca.
- Só se presta unha tablet por usuario/a. Entrégase a tablet con funda e cargador.
- O préstamo é exclusivamente para o uso nas instalacións da biblioteca.
- As tablets son **Samsung Galaxy Tab 3** cunha pantalla de 10 pulgadas, procesador dual-core a 1.6GHz, 1GB de RAM, 16GB de almacenamento, cámara traseira de 3 megapixels, cámara frontal de 1.3 megapixels e acceso Wi-Fi.
Funcionan baixo sistema operativo android 4.4.2 e préstanse coa configuración de fábrica. Cando se devolven restaurámolas á configuración inicial para limpar todos os datos persoais e apps descargadas.

Responsabilidades dos usuarios e usuarias:

- Custodiar e coidar a tablet durante o préstamo. Non deixar a tablet sen vixilancia.
- Advertir ao persoal da biblioteca de calquera desperfecto que se observe no dispositivo.
- Non deixar o dispositivo a outra persoa.
- Non manipular o hardware nin o software instalados.
- Ter coidado coa manipulación dos equipos, evitando os golpes ou rasguños que poidan provocar danos ou rotura.
- Respectar a lexislación vixente en materia de Propiedade Intelectual.
- Asinar a acta de entrega implica a aceptación das condicións de préstamo.

Tras a devolución da tablet comprobamos o seu correcto funcionamento e se detectamos algún desperfecto poderemos pedir responsabilidades á última persoa en utilizala.

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

Calquera actuación contraria a estas normas facultará á biblioteca a adoptar as seguintes medidas en función da gravidade da infracción:

- Suspensión do servizo de préstamo de todos os materiais, que poderá ser temporal ou indefinida.
- 1 día de suspensión de todo tipo de préstamo se non se devolve a tablet 1 hora antes do peche da biblioteca (20h de luns a venres, 13h os sábados, 13.30h os meses de xullo e agosto)
- Por roubo, destrución ou deterioro irreparable do dispositivo ou dos seus accesorios: obriga de repoñelo con outro de similares características ou reparación do dano causado. Mentres non se repoña o usuario/a estará suspendido/a do servizo de préstamo de calquera material.

A biblioteca resérvase o dereito de emprender aquelas accións regulamentarias ou legais que crea necesarias en caso de incumprimento desta normativa.